

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOCH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



**PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁ A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A EXPLOTACIÓN DE BAR-CAFETERÍA NO QUIOSCO DO PASEO ALTO DA FERRADURA NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

I

**DISPOSICIÓN XERAIS**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO**

Constitúe o obxecto deste contrato a redacción do proxecto básico e de execución, construción ou reforma e xestión da explotación do bar- cafetería a instalar, previas as obras de edificación ou reforma necesarias, no quiosco do paseo alto da Ferradura na Alameda de Santiago de Compostela.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

A prestación do servizo de explotación do citado quiosco-bar, realizarase dentro do horario e segundo as normas que son de aplicación na industria de hostalería, aínda que por razóns de interese xeral, este Excmo. Concello terá a facultade de fixar un horario distinto de apertura e peche daquel establecemento.

Mediante a presente concesión preténdese proporcionar un lugar de lecer e espaxamento que contribúa a satisfacer as necesidades dos usuarios que acoden a este espazo público, encaixando así no ámbito das competencias descritas no Art. 25.2 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que os Concellos deben exercer competencias en materia de actividades ou instalacións culturais, recreativas e deportivas, ocupación do tempo libre.

Nomenclatura Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) da Comisión Europea: 45212000-6.

**2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

**2.1.-** O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

**2.2.-** O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

**3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

**3.1.-** Trátase dunha concesión administrativa de uso privativo de bens de dominio público, conforme ao disposto no art. 78.1 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOCH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



Independentemente dos dereitos e obrigacións comprendidos no presente prego, o adxudicatario queda sometido a calquera norma xurídica de ámbito municipal, autonómico ou estatal en vigor ou que poida ditarse, que afecte ao obxecto e contido da concesión e, especificamente ás seguintes: Lei 7/1985 de 2 de Abril, de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto 1372/1986 de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001 de 12 de Outubro, Real Decreto 817/2009 de 8 de Maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 e Lei 33/2003 de 3 de Novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento, aprobado por RD 1373/2009, de 28 de agosto.

**3.2.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

#### **4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

**4.1.-** Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

**4.2.-** Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0CH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP)

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

**4.3.-** Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

**4.4.-** Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

## **5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES**

Non se esixe.

## **6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

Establécese como orzamento de licitación un canon mínimo anual **10.454'40** euros.

Os licitadores interesados ofrecerán, consonte ó modelo de proposición que se inserta ó final do presente prego, a aportación económica anual.

A explotación será a risco e ventura do concesionario, sen que o Concello participe no seu financiamento, nin avale ningún tipo de empréstito.

O adxudicatario deberá aboar ó Concello, por trimestres vencidos, a cantidade proporcional correspondente ó importe de adxudicación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0CH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



O devengo da canon producirase no momento da ocupación efectiva do dominio público, entendéndose que ésta se produce coa formalización da acta de comprobación do replanteo das obras.

A partir do primeiro ano do contrato revisarase o canon anual a ingresar ao Concello de Santiago de Compostela.

O sistema de revisión aplicable será a variación do IPC xeral publicado polo Instituto Nacional de Estatística nos doce meses anteriores á data de formalización do contrato. A revisión será do 85% de variación experimentada polo Índice adoptado, conforme ao esixido no artigo 90.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

### **7.- FINANCIAMENTO DAS OBRAS**

7.1. O adxudicatario asumirá os custos de redacción dos proxectos e aqueles outros estudos que se precisen para executar as obras, os custos propios da execución das obras na súa totalidade, así como a reposición dos bens, obras e servizos afectados.

7.2. O Concello de Santiago non prestará o seu aval nin participará na financiación das obras.

7.3. O concesionario poderá, con autorización expresa da corporación, hipotecar o dereito real de concesión, pero non dos bens e instalacións de dominio público sobre os que éste recae. En todo caso, deberá garantir que a hipoteca estará cancelada antes de rematar o período de vixencia da concesión.

No caso de resolución contractual, o concesionario deberá cancelar as posibles hipotecas á súa conta.

### **9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN**

9.1.- A presente concesión outórgase por un prazo determinado de **20 ANOS** contados a partir da data de formalización do contrato.

Ó rematar o prazo de concesión, revertirán ó Concello de Santiago, en bo estado de conservación e libres de cargas e gravames, todas as obras e instalacións definidas nos proxectos de execución ou que, con posterioridade se executen.

A estes efectos, tres meses antes o Concello exercerá as facultades de inspección que prevé o arts. 131 do R.S.C.L.

O transcurso do prazo producirá a extinción da concesión.

9.2.- Prazo para a posta en marcha da actividade

. Para a redacción do Proxecto Básico e de Execución e do Proxecto de Actividade e solicitude de licenza de obra e de actividade: 3 meses (dende a sinatura do contrato)

. Para o inicio das obras (sinatura da acta de replanteo e inicio): 1 mes (dende a concesión da licenza)

. Para a finalización e recepción por parte do Concello das obras e solicitude de licenza de apertura: 9 meses (dende o inicio das obras)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOCH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



Para a apertura ao público e inicio da actividade: 1 mes (dende a concesión da licenza de apertura)

PRAZO MÁXIMO TOTAL: 14 MESES

## II

### ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

#### 10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 TRLCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a 209.080 euros.

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- Criterios de adxudicación:

#### CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS:

1.- Calidade arquitectónica e integración no entorno (ata 25 puntos)

Teranse en conta as características na intervención proposta e o seu respecto e compatibilidade coa realidade arquitectónica dos edificios existentes.

2.- Memoria explicativa da proposta de servizos de restauración e hostelería a prestar (ata 25 puntos).

Será obxecto de puntuación a organización dos medios en orde a asegurar a máis axeitada prestación dos servizos.

A valoración destes criterios, que teñen unha ponderación superior ós criterios a valorar mediante cifras ou porcentaxes, realizarase por un comité de expertos constituído polos membros integrantes da **Ponencia Técnica da Comisión Asesora da Cidade Histórica**.

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS:

1.- Canon a aboar ó Concello (ata 20 puntos)

Outorgaranse 20 puntos ó licitador que propoña un importe anual do canon da concesión **mais elevado**, por encima do canon mínimo fixado polo Concello. O resto de proposicións puntuaranse de forma proporcional á que obtuvera maior puntuación.

$$P_x = P_{max} \times (O_x / O_{me})$$

Donde:

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONW10CH	Expediente CON/51/2012	Fecha 24-07-12 09:18



- Px** é a puntuación a obter pola empresa X  
**Pmax** é a puntuación máxima segundo o criterio económico  
**Ox** é a oferta a puntuar da empresa X  
**Ome** é a oferta máis elevada de todos os licitadores

2.- Redución do prazo proposto para o inicio da actividade: adxudicaranse 1 punto por cada semana de redución do prazo proposto, ata un máximo de 5 puntos.

## 12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

**11.1.-** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**11.2.-** A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-54.23.04), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

**11.3.-** Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

**11.4.-** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

**11.5.-** A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

## 13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

**13.1.-** As proposicións constarán de sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de bar-cafetería no quiosco do paseo alto da Ferradura na Alameda de Santiago de Compostela CON/51/2012** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folla independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

**13.2.- SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación Xeral **concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de bar-cafetería no quiosco do paseo alto da Ferradura na Alameda de Santiago de Compostela CON/51/2012**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONW10CH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



O seu contido será o seguinte:

**13.2.1.-** O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

**13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

**13.2.1.2.-** Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastanteado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

**13.2.1.3.-** Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

**13.2.2.-** Certificado da clasificación de ser requirida segundo o disposto na cláusula 5 do presente prego, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou no seu caso, polo Organismo comunitario correspondente (art. 84 TRLCSP). Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo non obstante xustificar posteriormente obter a clasificación esixida no prazo de

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONWIOCH	Expediente CON/51/2012	Fecha 24-07-12 09:18



subsanción de defectos ou omisións na documentación a que se refire a cláusula 15 do presente prego.

O certificado de clasificación deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos de clasificación non tiveron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Non obstante o establecido no apartado anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos requisitos establecidos na cláusula 4.2. do presente prego.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión obtiveron clasificación como empresa contratista de servizo. En tal caso, acumularanse as clasificacións individuais dos membros da UTE., a efectos de poder acreditar a clasificación global esixida no presente prego.

Se concorren unións de empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acreditar a súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De non requirirse clasificación, os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

**13.2.3.-** Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 73 e 146.1.c) TRLCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

**13.2.4.-** Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

**13.2.5.-** A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOCH	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 24-07-12 09:18



- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

**13.3.- SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación da **concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de barcafetería no quiosco do paseo alto da Ferradura na Alameda de Santiago de Compostela CON/51/2012.**

Neste sobre incluírase a proposta arquitectónica :

a) Composición arquitectónica e parámetros urbanísticos:

Presentarase un documento técnico con carácter de anteproxecto, no que se defina claramente a solución arquitectónica proposta e que permita avaliala desde un punto de vista formal, funcional e de sustentabilidade.

Descríbanse as características arquitectónicas con expresión gráfica, polo menos, de volumes, alzados, seccións e plantas de distribución interior, cadro de superficies construídas e útiles das vivendas así como das pezas que as compoñen, dos elementos de acceso e comunicación do edificio, etc.

Así mesmo, incluírá un anexo xustificativo do cumprimento das determinacións e parámetros urbanísticos asignados no planeamento así como das normativas básicas de aplicación á edificación.

A documentación gráfica presentada estará perfectamente acotada e a unha escala que permita a súa revisión. Recoméndase que o tamaño dos mesmos ou dos paneis que puideran presentarse non supere o tamaño de un DIN A1.

b) Solucións construtivas e prego de calidades da promoción:

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONW10CH	Expediente CON/51/2012	Fecha 24-07-12 09:18



Presentarase unha memoria explicativa onde se expoñan que solucións construtivas van a empregarse para o desenvolvemento de cada un dos principais elementos da edificación (estrutura, cerramentos, fachada, cuberta, instalacións, etc.).

Incluirase un prego ou memoria de calidades da edificación, en correspondencia cos contidos documentais restantes. De forma indicativa, pode presentarse en formato de fichas documentais ou incluír deseños técnicos para maior claridade.

c) Medidas de sustentabilidade e eficiencia enerxética:

Presentarase unha memoria explicativa onde se expoñan as medidas específicas de sustentabilidade e eficiencia enerxética que proponse aplicar no proxecto, indicando os aforros previstos nos consumos de auga e enerxía produto das mesmas.

d) Documentación técnica complementaria:

Calquera outra esixencia ou información de carácter técnico que se interese no presente Prego de Bases ou que o licitador considere necesario aportar para unha mellor información.

Así mesmo os licitadores deberán aportar un proxecto de xestión da explotación, que contará en todo caso con:

- Especificación das calidades dos produtos e artigos ofertados.
- Plantilla de persoal que se compromete a manter para a prestación do servizo.
- Equipo técnico e material que se compromete a poñer a disposición do servizo.
- **Relación de prezos dos artigos a expender na cafetería.**

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

**13.3.- SOBRE Nº 3:** Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábel mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación da **concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de bar-cafetería no quiosco do paseo alto da Ferradura na Alameda de Santiago de Compostela CON/51/2012**

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa

Documento	Expediente	Fecha
CONWIOCH	CON/51/2012	24-07-12 09:18



rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

Así mesmo, e ademáis da documentación referida á redución do prazo proposto, os licitadores aportarán unha proxección económica e orzamentaria que demostre a viabilidade económica do proxecto presentado pola entidade concursante.

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

13.3.2.- Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

13.3.4.- O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 145.3 TRLCSP)

## **14.- MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de contratación estará integrada por:

**Presidente:** A edil delegada de urbanismo ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

### **Vocais:**


- Un representante de cada grupo político municipal.
- O xefe de servizo da oficina da cidade histórica.
- O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.
- O Interventor xeral municipal, ou persoa que a substitúa.

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

## **15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONWI0CH	Expediente CON/51/2012	Fecha 24-07-12 09:18



Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

## **16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE Nº 1** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **SOBRE Nº 2** dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación **NON** avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

A apertura do **SOBRE Nº 2** terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de *3 días hábiles* a súa celebración.

A valoración destes criterios **NON** avaliábles mediante cifras (**SOBRE Nº 2**) que teñen unha ponderación superior ós criterios a valorar mediante cifras ou porcentaxes, realizarase por un comité de expertos constituído polos membros integrantes da **Ponencia Técnica da Comisión Asesora da Cidade Histórica**.

